



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Introdución ao Turismo	Código	662G01009d	
Titulación	Grao en Turismo (a distancia)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Non presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	de Carreño de Vicente, María de las Mercedes	Correo electrónico	m.decarreno@udc.es	
Profesorado	de Carreño de Vicente, María de las Mercedes Rodríguez Pallas, Angel	Correo electrónico	m.decarreno@udc.es angel.rodriguez.pallas@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Con esta materia preténdese a aproximación do alumnado ao turismo en todos os seus ámbitos dun modo introductorio. A adquisición dunha cultura turística e a comprensión dos distintos aspectos e organización da actividade dende un punto de vista transversal, son obxectivos básicos a alcanzar no transcurso da mesma e imprescindibles para que o alumnado se familiarice coa realidade turística e a súa terminoloxía.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os principios do turismo: a súa dimensión espacial, social, cultural, política, laboral e económica.
A2	Analizar a dimensión económica do turismo
A3	Comprender o carácter dinámico e evolutivo do turismo e da nova sociedade do lecer.
A4	Coñecer as principais estruturas político-administrativas turísticas.
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A7	Recoñecer os principais axentes turísticos.
A8	Avaliar os potenciais turísticos e a análise prospectivo da súa explotación.
A14	Comprender o marco legal que regula as actividades turísticas.
A19	Xestionar o territorio turístico de acordo cos principios de sustentabilidade.
A23	Analizar os impactos xerados polo turismo.
A27	Comprender o funcionamento dos destinos, estruturas turísticas e os seus sectores empresariais no ámbito mundial.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as diferentes dimensións do turismo e as súas interrelacións	A1 A2 A3 A4 A7 A8 A23 A27	B1 B2 B4 B7	
Estudiar as tendencias turísticas e os factores de inestabilidade no turismo	A1 A2 A3 A4 A7	B1 B4 B5 B6	
Coñecer os conceptos básicos do turismo	A1 A2 A3 A4 A7 A23 A27	B1 B2 B4 B6	
Comprender que todos os aspectos e cualidades inciden directa ou indirectamente na calidade do turismo	A1 A3 A5 A6 A8	B1 B4 B5 B6	C4
Manexar fontes de información relacionadas co turismo	A1 A5	B1 B2 B3 B4 B6	C1 C2 C3 C4 C7
Propoñer criterios de turismo sostible	A1 A3 A5 A19 A23	B1 B3 B4 B5	C4
Saber abordar o turismo dende unha perspectiva histórica ate o momento actual	A1 A3 A23 A27	B1 B4	
Saber entender o turismo como motor de desenvolvemento das sociedades humanas	A3		
Coñecer os cambios que se experimentan nos procesos de desenvolvemento turístico	A1 A3	B1 B4	



Coñecer o papel do lecer na sociedade actual e as tendencias de futuro	A1 A3		
Empregar as fontes sociais e históricas para extraer e interpretar información sobre o desenvolvemento do turismo	A1 A3 A14	B1 B3 B4 B6	C1 C4 C6
Extrapolar experiencias e tomar decisións a partir da análise das características de diversos modelos turísticos, a súa potencialidade e evolución	A3	B1 B3 B6	
Coñecer a importancia da investigación en turismo	A5	B1 B2 B3 B4 B6	C4 C6 C8
Identificar situacións e realidades nas que se atopa inmerso o sector	A1 A3 A5 A19 A27	B1 B3 B4	C2 C4 C5 C6
Analizar, interpretar e inferir datos e resultados para a aplicación da investigación aos fines propostos	A1 A3 A5 A19	B1 B3 B4 B6 B7	C1 C4 C5 C7 C8
Coñecer e recoñecer os principais axentes que actúan no mercado turístico nacional e internacional	A1 A3 A7		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción ao turismo	1.1. Concepto e definicións.
2. A Actividade Turística	2.1. O suxeito do turismo - Tipoloxías de turismo 2.2. Motivacións 2.3. Correntes turísticas 2.4. O sistema turístico
3. Evolución Histórica	3.1. Dende as orixes ata o século XXI. 3.2. Evolución histórica do turismo en España.
4. O Mercado Turístico	4.1. Demanda turística 4.2. Oferta turística 4.3. Estacionalidade
5. Impactos do Turismo	5.1. Económicos 5.2. Ambientais 5.3. Socioculturais
6. Agentes del Turismo I	6.1. Aloxamentos e restauración. 6.2. Transportes e outros provedores. 6.3. Produción e distribución.



7. Agentes del Turismo II	7.1. A Administración pública turística. 7.2. Organizacións supranacionais
8. Política Turística	8.1. Concepto 8.2. Evolución da política turística en España
9. Gestión de Destinos: Sostenibilidade	9.1. Planificación 9.2. Tecnoloxía 9.3. Accesibilidade
10. O Turismo como Ciencia	Reflexión e Debate

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A14 A19 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C6 C7 C8	4	57	61
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A27 B1 B2 B4 C1 C4 C6 C8	3	18	21
Solución de problemas	A1 A5 A7 A8 A14 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B6 C3 C6 C7 C8	0	23	23
Seminario	A1 A4 A5 A6 A7 A8 A19 A23 A27 B1 B2 B4 B5 B7 C4 C5 C6 C8	2	24	26
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A7 A23 A27 B4 B5 C2 C4 C5 C6 C8	15	0	15
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Neste curso será un traballo persoal do alumno/a no que, a partir dun caso elexido entre varios propostos polo profesor/a, se tratarán todos os temas aprendidos ao longo da materia (daranse as pautas necesarias para realizalo ao inicio das clases).
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Seminario	Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario. Valorarase a participación en foros e actividades propostas



Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
------------------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>As clases en liña serán asíncronas. Facilitarase ó estudantado vía moodle os contidos de cada uns dos temas en formato pdf e en formato de arquivo audiovisual para o estudo de modo autónomo. Estas clases veranse complementadas coa posibilidade para o alumnado de solicitar titorías personalizadas nas que o profesor procederá tratar, as posibles dúbidas que puidesen xurdir nas sesións maxistrais, análises de fontes documentais, traballos tutelados, proba mixta ou calquera outro aspecto relacionado que materia.</p> <p>Os estudantes serán atendidos a través de Microsoft Teams, Moodle e correo electrónico resolvéndose mediante estas canles as posibles dúbidas que poidan xurdir. A forma e o momento nos que se realizará será especificado ao longo do desenvolvemento da materia en función das necesidades do alumnado coa posibilidade por parte do profesor de realizar titorías en grupo.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Seminario	A1 A4 A5 A6 A7 A8 A19 A23 A27 B1 B2 B4 B5 B7 C4 C5 C6 C8	Participación en foros, discusións e outras actividades colaborativas propostas	10
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A7 A27 B1 B2 B4 C1 C4 C6 C8	<p>Consistirá na realización, na data oficialmente establecida, dunha proba mixta (que poderá ser oral ou escrita, a criterio do profesor/a) que integra proba de ensaio e preguntas obxectivas.</p> <p>En canto a proba de ensaio, recolle a análise dun texto relacionado co traballado durante a materia . En canto ás preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación</p>	60
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A8 A14 A19 A27 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C6 C7 C8	<p>Durante o curso, establecerase a realización de tantos exercicios como o profesor/a considere oportunos, que se entregarán vía Moodle ou un correo electrónico (según o profesor indique en cada caso) e que poderán tratar sobre documentos relevantes para a temática da materia, con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. A final de curso realizarase a exposición oral dun traballo (a parte escrita entregarse vía correo electrónico ó profesor e a parte oral, que non poderá superar os 20 minutos, entregarase adxuntando na parte escrita un enlace a un vídeo pregravado polo alumno/a) sobre un caso ou tema aprobado polo profesor/a con no que se relacionarán os temas aprendidos ao longo da materia (ao comezo das clases daranse as pautas necesarias para a súa realización).</p> <p>Na avaliación continua teranse en conta igualmente aqueles traballos realizados durante o curso e para os que o profesor/a houberse indicado que son avaliábles -como comentarios, exercicios ou procuras propostas polo profesor/a, charlas recibidas, experiencias de campo, tarefas desenvolvidas, etc.; sempre explicando a súa conexión coa materia.</p>	20



Solución de problemas	A1 A5 A7 A8 A14 A23 A27 B1 B2 B3 B4 B6 C3 C6 C7 C8	Resolución de problemas expostos en Moodle como complemento ás clases, para asegurar a comprensión de conceptos	10
-----------------------	--	---	----

Observacións avaliación



As clases do grao online realizaranse de xeito asíncrono. Para isto o profesor/a engadirá todo o material necesario en Moodle. O alumnado do grao online deberá visualizar semanalmente as clases maxistras e interactivas gravadas e consultar os materiais engadidos na plataforma Moodle; reservándose os horarios asignados a esta materia e establecidos no calendario escolar para aclarar todas posibles dúbidas ou consultas sobre a materia e para tutorizar os traballos a realizar; sempre suxeito a solicitude por parte do alumnado. Valorarase a participación nos foros propostos e a asistencia a titorías individualizadas.

A cualificación final derivase de dous partes: Avaliación Continua, onde se valora o traballo realizado ao longo do curso, e Proba ou Exame Final. Para poder facer o cómputo final, é necesario superar polo menos o 50% da cualificación en cada unha das 2 partes anteriormente descritas (avaliación continua e proba final).

O alumnado que non se presente á Proba Obxectiva (independentemente da convocatoria de que se trate), será cualificado cun " NP" (Non Presentado), aínda no caso de tener feito, presentado e exposto traballos tutelados ou outras actividades que computen na avaliación.

Tanto en primeira como en segunda oportunidade aplicarase o mesmo sistema de avaliación.

A convocatoria adiantada consistirá nunha proba mixta (que poderá ser oral ou escrita, a criterio do profesor/a) que se realizará na data oficialmente establecida e que computará o 100% da materia.

O traballo será presentado e defendido tanto por escrito como en formato on line, mentres que a proba mixta haberá de realizarse de forma presencial.

Os únicos utensilios cos que está permitido acceder ó recinto da proba nos que se realice a proba mixta final son os básicos para contestar ó exame: lápiz, bolígrafo ou pluma, goma de borrar e calculadora non programable.

Está expresamente prohibido o acceso ó recinto do exame con: a) teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo que permita comunicación a distancia e/ou almacenamento de información; b) apuntes, anotacións, libros ou material similar que no fose expresamente autorizado na convocatoria do exame ou una páxina web (Moodle) da materia. A non observancia desta norma supón que se considere como realizada a proba en fraude e iso con independencia de quen teña no recinto da proba tales dispositivos ou material sinalado os empregase ou non no curso desta.

O alumno/a deberá acreditar a súa persoalidade de acordo coa normativa vixente.

As datas, horarios e lugar de realización

das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-2024 e documentación concordante. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade da Coruña con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudiantado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.

HONRADEZ ACADÉMICA

Considerarase que se cometen prácticas ilícitas cando un alumno/a actúa para defraudar ou tratar de defraudar ós sistemas de comprobación e avaliación do rendemento académico así como o incumprimento das normas establecidas polo profesor para a realización de traballos.

Os traballos nos que se detecten prácticas ilícitas serán cualificados con un 0.

Lembrese ao alumnado que o uso de calquera axuda ou dispositivo no exame final está totalmente prohibida, e no caso de utilizar calquera soporte no permitido quedará automaticamente suspenso, independentemente da nota do exame e outras probas. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido no artigo 14 das "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario".

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuadrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade

(<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, co titor ou titora ADI da Facultade de Turismo.

REGULAMENTO DISCIPLINAR DO ESTUDANTADO DA UDC (Artigo 11, apartado 4 b)

Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.

Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponerse accións e medidas para corrixilas.



Fontes de información

Bibliografía básica

- BAYÓN MARINÉ, F., MARCOS VALDUEZA, H., VOGELER RUÍZ, C. e GONZÁLEZ DE SOUZA, M.A. (coord.) (2000). 50 años del turismo español. Madrid, Centro de Estudios Ramón Areces S.A
 - BLANCO, A. ET AL. (2021). Diccionario de Turismo. Madrid, Cátedra
 - BLANCO, R. & ESTEBAN, J. (2016). Ecoturismo, Hacia una gestión sostenible moderna. Madrid, Síntesis
 - CANDELA G. & FIGINI P. (2012). The Economics of Tourism Destinations. Springer
 - ESTEVE, R. E FUENTES, R (2000). Economía, historia e instituciones del turismo en España. Madrid, Pirámide
 - FERNÁNDEZ FUSTER, L (1991). Geografía general del turismo de masas. Madrid Alianza Universidad
 - FERNÁNDEZ FUSTER, L. (1991). Historia general del turismo de masas. Madrid, Alianza Universidad
 - IRANZO, JUAN E. et al. (2003). La estructura económica de los mercados turísticos. Madrid, Instituto de Estudios Económicos
 - MONTANER MONTEJANO, J. (2008). Estructura del mercado turístico. Madrid, Síntesis
 - OMT (1998). Introducción al turismo. Madrid, OMT
 - PAGE, S.J. (2019). Tourism Management. Routledge
 - PULIDO FERNÁNDEZ, J. I. y CÁRDENAS GARCÍA, P. J. (Coord)s (2013). Estructura Económica de los Mercados Turísticos. Madrid, Síntesis
 - REYNARD, E. and BRILHA, J. (eds.) (2017). Geoheritage: Assessment, Protection and Management. Elsevier
 - RODRÍGUEZ-ZULAICA, A. (2016). ¿Cómo diseñar una experiencia turística?. Barcelona, UOC
 - RIVAS GARCÍA, JESÚS (2008). Estructura y economía del mercado turístico. Oviedo, Septem Edics
 - SÁEZ, A. (coord.) (2014). Introducción a la estructura del mercado turístico. Madrid, Síntesis
 - URIEL, E. y HERNÁNDEZ, R. (coord.) (2004). Análisis y tendencias del turismo. Madrid, Pirámide
 - VOGELER RUIZ, C. e HERNÁNDEZ ARMAND, E. (2000). El mercado turístico. Madrid, Ed. Centro de Estudios Ramón Areces S.A.
 - VOGELER RUIZ, C. e HERNÁNDEZ ARMAND, E. (2018). Introducción al Turismo: Análisis y Estructura.. Madrid, Editorial Universitaria Ramón Areces.
- Trátase dunha bibliografía xeral, posto que en cada tema, e ao longo do curso, a profesora propondrá novas referencias máis específicas.

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Se recomenda seguir los temas de forma progresiva y siempre tratar de mantener contacto semanal con la profesora

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías